



CAMPAÑA DE ESCAVACIÓN, LIMPEZA E CONSOLIDACIÓN NO ANTECASTRO OESTE DO CASTRO DE VILADONGA (2024): UNHA ESTELA CON CAZOLETAS, UNHA MOEDA DE INFLUENCIA GREGA E MOITOS CRAVOS

Álvaro Pérez Rozas



Fig. 1. Vista aérea da zona intervida na campaña 2024. Imaxe: Esteban Tojo.

1. O castro de Viladonga. Unha breve introdución

O castro de Viladonga atópase na parroquia de Santiago de Viladonga, no concello de Castro de Rei, na provincia de Lugo. O castro ocupa unhas 6 ha na cima dun outeiro, a uns 550 m.s.n.m., ao pé das primeiras costas que anuncian o fin da Terra Chá e o comezo da serra de Meira.

A situación xeográfica do castro, dentro da zona de influencia cantábrica, provoca unha situación de clima Csb —segundo a clasificación climática de Köppen e Geiger—, cun nivel de choivas próximas aos 1.000 mm e unha temperatura media de 11,4 °C.

A alta humidade media (superior ao 75 %), xunto cun nivel de choiva considerable e o contraste de temperaturas, favorecen o avance dalgúns procesos erosivos orixinados tanto polas condicións meteorolóxicas en si mesmas como polo elevado crecemento vexetativo que estas provocan.

En canto ao contexto xeolóxico, a zona onde se atopa o castro englobaríase dentro da formación Cándana, a unidade litolóxica predominante no nordeste de Galicia, formada por rochas metamórficas ácidas como a lousa e a cuarcita. A lousa presenta, na zona do castro, unha cor azul escura ou agrisada, con liñas de foliación moi claras e grandes cubos de pirita, que poden alcanzar os 5 mm (VV.AA., 1978, pp.6-7)¹.

¹ A presenza de pirita é unha das razóns da fragilidade desta lousa.

No mesmo outeiro do castro, os estudos xeolóxicos² teñen identificado unha estreita banda de pedras de cal (“Calcaria de Vegadeo”) que se introduce uns quilómetros na Terra Chá, o que dá orixe a pequenas cavidades cársticas na zona³.




Fig. 2. Mapa xeolóxico da contorna do castro de Viladonga. O círculo vermello indica a situación do castro. Extraído do IGN. A banda en azul claro mostra a franxa de calcarias.

1.1. Descrición xeral

Despois de máis de cincuenta anos de escavacións, o castro de Viladonga pode definirse como un poboado cun amplo período de ocupación, que vai, cando menos, desde o século VI a. C. ata comezos do século VI da nosa era⁴. Falamos, polo tanto, dun poboado de comezos da Idade de Ferro que perduraría ata conformar un espazo de tradición galaico-romana ata ben entrado o século V d. C. Este longo período de ocupación, xunto coa considerable superficie do castro que, ata o de agora, foi obxecto de escavación, proporcionaron unha inxente cantidade de restos arqueolóxicos que hoxe se depositan no museo de sitio anexo ao xacemento.

² Folla 73 (8-6)-Castroverde (IGME).

³ Esta pode ser a explicación da existencia da cova no antecastro este.

⁴ As últimas datacións non deixan lugar a dúbidas sobre as primeiras evidencias claras de ocupación do outeiro do castro.

O castro organízase arredor dun recinto central ou croa protexido por unha muralla principal formada por unha enorme acumulación de laxes de lousa e terra que ten pola súa cara interior un muro alzado en forma de esca-da onde que se intercalan regularmente escaleiras de acceso. Unha segunda muralla, de menor altura, conta cunha edificación ou torre de vixilancia. A terceira e cuarta muralla están constituídas por pedra e terra sen asentar, a modo de gran parapeto.

Arredor da croa distínguese a existencia de dúas grandes terrazas artificiais ou antecastros, que, grazas ás intervencións arqueolóxicas e a outras técnicas non invasivas, como o xeorradar, sabemos que foron ocupadas como zona de hábitat e almacenamento.

2. Precedentes da actuación

2.1. As intervencións arqueolóxicas

O castro de Viladonga destaca, xa desde os primeiros anos do século pasado, como un fito na bibliografía histórica do noroeste peninsular. A aparición dun tor-que no ano 1911 e as imponentes murallas do castro, situado nun monte por onde pasa unha das principais vías de comunicación entre o Cantábrico e Lucus Augusti, pronto chamaron a atención dos investigadores. Sería Manuel Chamoso Lamas quen, no ano 1971, promovería e dirixiría a primeira escavación arqueolóxica na croa do castro. A esta intervención sucederíanlle outras no tempo, que consolidarían a importancia deste xacemento para o estudo da cultura castrexa e galaico-romana. Sería durante estes anos, e baixo a súa dirección, cando se acometen as primeiras sondaxes na zona do antecastro oeste, localizando “un camiño flanqueado por dous muros”.

Desde os anos 80, coas escavacións dirixidas por Felipe Arias, o castro de Viladonga sitúase como un referente para o estudo da romanización no noroeste peninsular. A construción dun museo de sitio permitiu poñer de relevo os numerosos e interesantes achados. Co tempo, a forma de escavar tamén se actualiza, abandonando o método Wheeler, con campañas dedicadas á retirada das testemuñas e fomentando as escavacións en área. Con isto comezan a ser posibles as análises espaciais e os estudos das formas de ocupación.

Non sería ata os anos 90 do século pasado cando se acometen as primeiras escavacións en zona, no antecastro oeste. Durante a campaña de 1992, as escavacións céntranse na retirada das zonas de acumulación de cascallo creadas durante as primeiras escavacións de Chamoso Lamas. Unha vez acadado o nivel do solo previo, rapidamente se constata a aparición de grandes cantidades de pallabarro e tégula/imbrice. Este feito será unha constante nas seguintes escavacións realizadas na zona.




Fig. 3. Plano e esquema das primeiras escavacións na zona do antecastro oeste. Fonte: Museo do Castro de Viladonga.

Catro anos máis tarde, en 1996, desenvólvese unha campaña de limpeza e escavación na cal un dos feitos máis relevantes é a constatación arqueolóxica do antecastro oeste como “zona de hábitat”.

As escavacións realizadas no antecastro oeste acabaron por revelar unha serie de construcións que, nun primeiro momento, provocaron dúbidas en canto á súa interpretación (Arias e Ramil, 2003; Arias, 2005). Hoxe

en día, unha vez resoltas as dúbidas iniciais, podemos falar con claridade de que o que se pode apreciar no antecastro é unha zona de almacenamento composta por, cando menos, tres *horrea* (Pérez e Torres, 2021).



Fig. 4. Primeiro plano do *horreum*. Imaxe: Arquivo documental do Museo do Castro de Viladonga.

Como se pode apreciar na imaxe anterior (fig.4), soamente se puido conservar unha parte importante dun deses *horrea*. Algúns restos das madeiras e unha importante cantidade de pallabarro conserváronse en forma dunha masa avermellada e moi compacta nesta zona.

A presenza de materia prima orgánica entre os restos de pallabarro, en concreto restos de ramas pertencentes ao trezado, permitiu datar estes *horrea*, cunha probabilidade do 89,3 % entre o primeiro cuarto do século II e o último terzo do I a.C. (175 a.C.- 26 a.C.) (Pérez e Torres, 2021).

Chegado o século XXI, coa externalización dos traballos arqueolóxicos acométense proxectos de envergadura, como a escavación da porta leste ou o sector noroeste, onde se confirmou a existencia dun alxibe máis antigo que a propia muralla da croa. Nas últimas tempadas de escavacións, acometidas pola empresa Terra Arqueos, tamén se puxo de relevo a existencia dunha calzada, ou máis ben praza, que, posiblemente, se estenderá por todo o noroeste da croa e poida que por outras zonas do castro, incluíndo a propia entrada do lado leste.

No ano 2023 tivo lugar unha actuación arqueolóxica que consistiu na realización dunha prospección xeofísica mediante a técnica de xeorradar. Esta actuación, que abrangueu unha superficie aproximada de 6.000 m², permitiu determinar —dunha forma non invasora— a trama urbanística do xacemento, poñendo de relevo, entre outros aspectos, a importancia da ocupación nas zonas do antecastro e probando a importancia da zona de almacenamento coa probable existencia de, cando menos, outro *horreum* nesa zona (Sala e Rodríguez, 2024, pp. 8-17).

2.2. Anteriores traballos de limpeza, restauración e consolidación

Despois de máis de 50 anos de intervencións arqueolóxicas e cunha gran parte da croa do castro escavada, as estruturas exhumadas sofren de forma irremediable o clima do norte lucense. Os traballos de limpeza son, polo tanto, unha necesidade ineludible. Ás veces en paralelo ou de forma previa ás escavacións e outras veces polo feito de manter o crecemento da vexetación á raia, as campañas de limpeza, consolidación e reparación de estruturas foron unha constante nas últimas décadas.

Nos primeiros anos deste milenio, ideouse un sistema para a protección das estruturas que consistía na colocación dunha lousa na parte superior dos muros, á que se engadía unha capa de musgo. Co paso do tempo, este método probouse como pouco adecuado por varios motivos:

Acumula humidade e, polo tanto, favorece o crecemento da vexetación entre as pedras.

A colocación das lousas precisa dunha base construída *ex professo* e axeitada para a súa estabilidade, polo que se altera en gran medida o aspecto dos restos orixinais.

Favorece a creación de acubillos de pequenos animais (lagartos, ratos, serpes), o que prexudica a estabilidade e conservación das estruturas.

Dificulta en gran medida a interpretación das estruturas, o cal supón un grave prexuízo para os visitantes e a propia función didáctica do xacemento.

A necesidade dun mantemento constante da capa de musgo, o que, sobre todo, en períodos de seca, provoca un aspecto de abandono ou fealdade do xacemento, con plantas secas, colonización de novas especies e a preeminencia das lousas de aspecto industrial na paisaxe.

Para evitar toda esta serie de inconvenientes, desde hai uns anos decidiuse cambiar o sistema de restauración/consolidación. A forma elixida consiste en engadir un par de fiadas de pedra de protección unidas cun morteiro a base de cal e area con propiedades hidrófugas.

Con este novo método conséguese protexer, dunha forma eficaz, os muros orixinais, evitando a acumulación de humidades e a creación de acubillos, por parte de pequenos animais, que poderían afectar á estrutura dos muros. Este novo método de consolidación tamén favorece a interpretación do xacemento, permitindo unha lectura clara da evolución das distintas estruturas no tempo.

Nos últimos anos, debido ao cambio climático, vemos como a proliferación de herbas —algunhas delas invasoras— fixo necesario programar, cando menos, dúas quendas de limpeza da croa e do sistema defensivo, facéndolas coincidir co maior momento de crecemento da vexetación.

3. Metodoloxía e desenvolvemento da intervención

Os traballos de campo desta intervención arqueolóxica iniciáronse o día 30 de agosto e finalizaron o 23 de setembro do ano 2024. Durante os primeiros nove días da intervención colaboraron cos labores de limpeza os integrantes dun campo de voluntariado, promovido pola Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A metodoloxía de traballo foi a propia dunha escavación en área. Toda a escavación foi realizada por medios manuais. O desenvolvemento da actuación permitiunos obter un corte estratigráfico onde se visualiza perfectamente as UE identificadas durante a escavación.

A creación de fichas de rexistro permitiunos recoller e describir as características de cada UE, co que puidemos individualizalas e establecer as relacións existentes entre elas. Estas fichas, creadas a partir dunha descrición obxectiva e ben referenciadas, permitirán, se fose o caso, novas interpretacións nun futuro, facilitando o traballo doutros investigadores.

Despois desta breve introdución onde expoñemos as xeneralidades da intervención, explicamos, de forma máis pormenorizada, o seu desenvolvemento.

3.1. Documentación e fotografado: o proxecto arqueolóxico

A documentación dos traballos realizados anteriormente na zona, así como a revisión de planos, fotografías e debuxos, son a base para iniciar calquera actuación arqueolóxica. Unha vez recollida e xestionada toda esa información, o seguinte paso foi documentar por medio de fotografías, e co máximo detalle, o estado do *horreum* e demais estruturas no momento previo á actuación arqueolóxica. Para isto contamos con diferentes cámaras dixitais e obxectivos, así como un *dron* que nos permitiu tomar imaxes aéreas da zona de actuación e as estruturas que esta alberga.

3.2. Traballos de limpeza

Unha parte moi importante desta campaña no castro de Viladonga foron os traballos de limpeza e control de herbas, centrados na zona de actuación, o antecastro oeste. Para estes traballos contamos coa colaboración dun campo de voluntariado composto por 18 rapaces e rapazas, descendentes de emigrantes galegos, e catro monitores da empresa Ribeirán, responsables do desenvolvemento do campo de voluntariado.



Fig. 5. Vista xeral do antecastro antes da intervención.



Fig. 6. Vista xeral do antecastro despois da intervención.

Os traballos de limpeza, aínda que centrados na zona do antecastro, tiveron tamén momentos de actuación puntuais no resto do xacemento, especialmente na croa. Con estas actuacións puntuais procurouse o control de herbas invasoras, especialmente a denominada *Conyza canadensis*, unha planta herbácea bianual, da familia *Asteraceae*, nativa de América do Norte e que hoxe en día xa colonizou os cinco continentes. Esta planta conta cun gran poder de reprodución e unha alta resistencia, inclusive a herbicidas como o glifosato. A súa raíz, pivotante e longa, é unha importante ameaza para as estruturas do castro, xa que medra entre as lousas do muro, destruindo o morteiro, creando buratos que debilitan o muro e finalmente colaborando coa meteorización da propia lousa. Por estes motivos, e debido á inxente colonización que actualmente sofre o castro, decidiuse, por parte da dirección do museo, co beneplácito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC), actuar sobre a expansión desta herba, aproveitando que, cando se realizou a intervención arqueolóxica, aínda nos atopabamos nos momentos previos á súa floración.



Fig. 7. Imaxe previa á actuación que mostraba o estado de invasión das estruturas do castro por parte da especie *Conyza canadensis*.

Algo que cómpre ter moi en conta ao respecto do crecemento e expansión desta herba invasora é que se aproveita dos solos renovados, polo que é fácil que colonice de forma rápida as zonas escavadas recentemente.

O traballo de corta destas herbas foi realizado á man, con tesoiras de punta fina, tendo coidado de non afectar ás estruturas do castro no caso de que as plantas medrasen enraizadas nos seus muros. Para desenvolver este traballo foi moi importante o labor realizado polo conxunto do campamento de voluntariado, deixando a croa do castro libre da proliferación desta planta, mesmo nas zonas de difícil acceso.

O traballo de control de herbáceas e arbustos foi especialmente importante este ano, debido aos condicionantes meteorolóxicos, con altas temperaturas e abundosa pluviosidade, o que provocou unha rápida expansión da vexetación por todo o castro. As especies que máis afectaron ás estruturas, alén das invasoras mencionadas anteriormente, foron os toxos, salgueiros e xestas. Este ano, ademais, sufrimos a expansión doutra planta que, ata o de agora, tiña unha presenza testemuñal nestas terras, a cicuta (*Conium maculatum*), polo que houbo que actuar tamén de forma intensiva para evitar unha maior expansión nun futuro.



Fig. 8. Integrante do campo de voluntariado cortando herbas e toxos con tesoiras.

3.3. Consolidación do *horreum*, limpeza e nova escavación do sector onde se atopan as estruturas de almacenaxe

Os traballos de consolidación iniciáronse coa limpeza de herbas e perfilado das estruturas 1 e 2, xa escavadas en anteriores intervencións. Unha vez rematada a limpeza, procedeuse á retirada das lousas de corte industrial e da tea asfáltica que se usaron, no seu momento, para protexer as partes orixinais do *horreum* (estrutura 2) e a parte do muro do edificio (estrutura 1) que corta o celeiro prerromano.



Fig. 9. Estado en que se atopaban as estruturas do antecastro antes da intervención.



Fig. 10. Proceso de retirada da capa de tea asfáltica e detalle das landras recollidas polos roedores nos muros da estrutura 2 (*horreum*).

Unha vez finalizadas as primeiras tarefas de limpeza e corta de herbas, a actuación de consolidación comezou cunha fase de perfilado ou reescavación, delimitando perfectamente as estruturas identificadas como parte deste *horreum*. A superficie total sobre a que se traballa nesta fase abrangue uns 100 m². Todos os elementos dentro desta zona son documentados e xeorreferenciados.

Unha vez avanzada a actuación, puido constatar, por parte do equipo especializado en restauración, que a estrutura dos muros estaba peor do estimado no proxecto de intervención, polo que, unha vez comunicado este feito aos responsables da DXPC e á dirección do museo, procedeuse á súa restauración para asegurar a conservación das estruturas.



Fig. 11. Exemplar de *Lacerta* saíndo do seu acubillo no interior dun dos muros.

Parte dos danos con que nos fomos atopando, a maiores dos que se apreciaban exteriormente, tiveron que ver coa creación de buratos, guaridas e acubillos por parte de pequenos roedores (*Apodemus sylvaticus*) e lagartos (*Lacerta schreiberi*). Nalgúns casos estes ocos acadaban grandes dimensións e profundidade, comprometendo a integridade das estruturas. Para solucionar estes problemas, o equipo de restauración, dirixido pola restauradora Iria López Baltar, chegou á conclusión de que a única solución era recorrer ao recheo das galerías, para o que se utilizou a propia terra que se ía sacando da escavación, tras un proceso de cribado e selección de tonalidades.



Fig. 12. Estado de meteorización da lousa dos muros e mostra da profundidade que acadaban os acubillos de animais.



Fig. 13. Proceso de recheo dos ocos e galerías creados por animais no interior dos muros do *horreum*.

A pesar dos problemas sinalados, en todo momento se segue un criterio de mínima intervención, respectando a forma, dimensións e materiais dos muros orixinais⁵.

Unha vez afrontados os problemas, que comprometían a propia estabilidade con traballos de recheo e xuntado, continúaase coa fase de protección co crecemento dos muros ata dúas fiadas de pedra⁶ de lousa. Para xuntar estas pedras, utilizouse un morteiro hidrófugo a base de cal, area e terra, cun grao de elasticidade apropiado para evitar danos en caso de ter que ser retirado e, ao mesmo tempo, a suficiente firmeza como para protexer a estrutura pétreo orixinal de posibles agresións ou danos. Co fin de acadar unha cor para o morteiro similar á orixinal, realizáronse varias probas de cor.

As fiadas de sacrificio, ao seren do mesmo material que as estruturas orixinais, deben ser identificadas e diferenciadas de forma clara, para o que se recorre a pequenas pedras de cuarzo que indican a liña que se para o muro orixinal da superposta como protección.

3.4. Área de escavación

Ademais da intervención de limpeza e consolidación do *horreum* situado no antecastro, nesta campaña realizouse unha pequena escavación, duns 3 m², co obxectivo de exhumar todo o muro sur da construción alongada (estrutura 1), xa parcialmente escavada en intervencións anteriores.

⁵ Salvo as medidas relativas á altura xeral dos muros, xa que ás dimensións orixinais hai que lembrar que se engaden ata dúas fiadas de pedra de sacrificio para protexer o muro orixinal.

⁶ Para o que se utilizan as mesmas pedras de lousa que se van sacando da escavación.



Fig. 14. Imaxe de detalle da zona que se ía escavar, previamente aos inicios da limpeza do perfil deixado na escavación. Anterior.



Fig. 15. Avance da escavación durante o proceso de retirada da capa vexetal no interior da estrutura 1 (UE1000).

Os resultados da escavación permitíronnos coñecer a metodoloxía de construción deste edificio, do que destacamos o teitado, realizado completamente con madeira e lousa. As lousas, algunha de bo tamaño e grosor, estaban, en moitos casos, fixadas na madeira por medio de cravos de ferro. Noutros casos, a lonxitude da barra de metal indicaría que, en vez de cravadas, estarían amarradas abrazando unha vigueta de madeira. A pesar da escasa entidade da superficie escavada, podemos supoñer que estas lousas con cravos formarían parte do beiril ou primeira fiada de lousas do teito.

Deste xeito, o resto das lousas irían simplemente suxeitas polo seu propio peso, apoiadas sobre as lousas cravadas nos cangos de madeira, de xeito similar ao que aínda hoxe se usa no teitado tradicional con lousa.

Os muros, feitos maioritariamente en lousa ben canteadada, alzáronse a partir dunha cimentación de grandes bloques de cuarzo. Nalgún tramo constatouse tamén a existencia duns zócolos de grandes lousas rectangulares para axudar a asentar o arrinque dos muros.

O chan da estancia estaría feito a base de gravas (diminutos fragmentos de lousas e cuarzos) ben pisadas e compactadas coa axuda dunha arxila avermellada moi plástica, típica dos pavimentos romanos e ben testemuñada en anteriores escavacións do castro.

O desmonte manual da derruba da estrutura permitiu-nos tamén documentar as distintas fases do proceso de colapso, que seguiu esta secuencia:

1.^a fase: derruba do lousado sobre o chan de uso romano (os restos de carbóns recuperados poderían indicar un incendio). As lousas incrustáanse ao caeren no chan de arxila apisoada axudadas pola presión do seu propio peso e a humectación da arxila. Corresponderíase coas UE1003 e UE1004.

2.^a fase: colapso do muro leste da construción. O muro leste cae sobre os restos de lousado e o chan de arxila, posiblemente empuxado por unha derruba da muralla da croa. UE1002.

3.^a fase: o muro sur derrúbase sobre parte do muro leste na zona da construción onde coinciden e directamente sobre os restos da derruba do teito nas zonas afastadas do muro leste, a onde xa non chegarían as pedras dese primeiro muro en derrubarse. UE1001.

4.^a fase: o entullo derruído compáctase baixo a presión da capa vexetal (UE1000), que co paso do tempo vai desenvolvéndose sobre os restos das derrubas desta estrutura.



Fig. 16. Imaxe final do perfil coas unidades estratigráficas identificadas.

Un feito que cómpre ter en conta, probado durante o proceso desta escavación, e que, como puidemos constatar, supuxo non poucos problemas en anteriores escavacións do castro, é o palimpsesto de materiais que se conforma no antigo chan da vivenda debido ás condicións de sucesivos lavados de solo e ás presións soportadas nas primeiras fases de derruba da vivenda (fig.16). Este conxunto de materiais remexidos e incrustados uns nos outros pode facer difícil a correcta identificación deste tipo de chans, onde a lixiviación da arxila que os conforma, favorecida pola exposición á intemperie da caída das pesadas lousas do teito, fai que o chan e o teitume se fundan nun mesmo conglomerado ou estrato. Este feito, xunto co método romano para a construción do chan ou pavimento a base da mestura de gravas, arxila e algúns restos cerámicos que poden proceder de estratos anteriores, explicaría por si mesmo a presenza de cerámicas da Idade de Ferro xunto con outros materiais de clara cronoloxía baixoimperial.



Fig. 17. Vista do chan do edificio baixoimperial coas lousas de teitado e do muro suroeste incrustadas.

3.5. Difusión da intervención

Unha parte indispensable de toda intervención arqueolóxica debe ser a difusión dos traballos realizados. A arqueoloxía, como actividade de interese público, ten que ser capaz de achegar á cidadanía a importancia de todos os labores que integran a actividade arqueolóxica. Especialmente importante é a didáctica arredor do mantemento e consolidación das estruturas descubertas, unha faceta quizais menos atractiva para os medios de comunicación, pero igual de importante que calquera dos achados que poidan suceder durante unha intervención arqueolóxica. Por esta razón, é relevante que a poboación sexa consciente da importancia dos bens arqueolóxicos e patrimoniais e das necesidades que para a súa conservación estes requiren.

Con motivo da intervención, fixéronse eco da nova os principais medios de difusión tradicionais na rexión, tanto de prensa escrita como de televisión, que tamén o reflectiron nas súas redes sociais.



Fig. 18. Páxina do diario *El Progreso* dedicada ao campo de voluntariado.

O propio museo, a través das súa páxina web e redes sociais (Instagram e Facebook), fíxose eco da intervención e das actividades realizadas polo campo de voluntariado.

Durante a actuación destes traballos, atendéronse os numerosos visitantes que cada día accederon ao castro, dando conta do traballo realizado e respondendo a numerosas cuestións. Tamén tivemos a ocasión de difundir o noso labor por medio de visitas guiadas ocasionais a grupos que así o solicitaban. A maiores destas visitas ocasionais, programouse unha visita comentada unha vez finalizada a intervención, na cal tivemos ocasión de presentar e difundir o alcance da intervención aos alí presentes, maiormente veciños da zona.



Fig. 19. Imaxe do cartel co anuncio da visita comentada realizada o 19 de outubro.



Fig. 20. Asistentes á visita comentada. Imaxe: Marcos Lorenzo.

Os traballos de difusión tamén abarcan a creación dun audiovisual onde se fai un pequeno resumo da actuación arqueolóxica e unha breve explicación da zona do antecastro.

3.6. Campo de voluntariado

Como vimos sinalando ao longo deste artigo, durante o período en que se estenderon os traballos de escavación, consolidación e limpeza, realizouse un campo de traballo voluntario no castro de Viladonga. Contamos coa colaboración de 18 rapaces, descendentes de emigrantes galegos e catro monitores que participaron activamente nos labores de limpeza, sobre todo na corta de herbas, xa que foi o traballo ao que dedicaron a maior parte do seu tempo. Os integrantes do campo de voluntariado tamén tiveron a ocasión de colaborar na conservación dos elementos de sinalización do castro (cercados, paneis, postes), limpando, lixando e tratando con verniz protector, co fin de prolongar a súa vida útil e favorecer o seu mantemento.



Fig. 21. Imaxe aérea dos integrantes do campo de voluntariado realizando labores de limpeza no antecastro oeste. Imaxe: Esteban Tojo.

Antes de comezar os traballos, os participantes no campo recibiron información sobre a historia do castro e formación adecuada para realizaren os labores encomendados, co que garantimos en todo momento unha actuación segura para eles e para a propia integridade do xacemento.

Como complemento formativo, houbo varias charlas sobre distintos aspectos do traballo arqueolóxico (traballo con GPS, poñer siglas, catalogación de materiais...), do funcionamento do museo ou dos labores de restauración.

4. Estudo dos materiais recuperados

4.1. Un novo exemplar de estela con cazoletas

A pesar de tratarse de traballos en que a remoción de terras se reduce ao necesario, perfilado da estrutura dos muros do *horreum* e a unha pequena intervención de tan só 3 m², a riqueza arqueolóxica do castro púxose de manifesto novamente a través do achado dun pequeno, pero relevante, conxunto de materiais conformado por un total de 77 obxectos e 13 bolsas con mostras de carbóns que foron depositados no Museo do Castro de Viladonga, anexo ao propio castro.

O achado dun novo exemplar de estela con cazoletas entre os materiais de construción usados para levantar a estrutura 1 destaca entre os achados máis relevantes. Este tipo de pedras con cazoletas, habituais en contextos funerarios desde finais do Neolítico, aparecen na Idade de Ferro asociados a tumbas de incineración domésticas, posiblemente de individuos infantís ou neonatos (Pérez, 2024). Coa chegada e implantación da cultura romana, estes rituais foron prohibidos e, posiblemente, ata certo punto esquecidos, o que facilitaría que pedras como a atopada nesta intervención acabasen sendo usadas para construír novos edificios baixoimperiais, como é o caso do edificio onde se localizou esta gran estela.



Fig. 22. Momento en que se descobre a estela no interior do muro do edificio baixoimperial.



Fig. 23. Estela funeraria con cazoletas usada como material de construción no muro longo da estrutura 1.

A estela, feita en lousa local, presenta unhas dimensións considerables, acadando os 60x55 cm e un espesor máximo de 55 mm. Nunha das súas caras presenta 8 cazoletas, 7 delas de gran tamaño. A maior acada os 67 mm de diámetro e 23 mm de profundidade. Na outra cara tamén se gravaron 3 cazoletas de 36 e 33 e 23 mm de diámetro⁷ (táboa 1).

7 Coa finalidade de garantir a súa conservación, a estela foi retirada do muro e depositada no Museo do Castro de Viladonga.

Cazoleta cara A	Ø mm	Profundidade en mm	Cazoletas cara B	Ø mm	Profundidade en mm
1a	67	23	1b	36	10
2a	72	55	2b	33	12
3a	49	16	3b	23	6
4a	65	33			
5a	76	36			
6a	50	18			
7a	47	26			
8a	35	4			

4.2. Unha moeda con caracteres gregos

Unha mención especial merece o achado dunha moeda con caracteres gregos durante os traballos de limpeza e consolidación da estrutura do *horreum*. Nunha das súas caras podemos ver unha representación ecuestre: un xinete, espido con clámide ao vento (ou quizais un xinete alado?), parece portar un obxecto na man dereita mentres que se agarra á crina do cabalo coa esquerda. O cabalo detense sobre as patas dianteira esquerda e traseira dereita. A dianteira dereita represéntase totalmente recollida, mentres a traseira esquerda fai un leve movemento, distanciándose uns centímetros da liña do exergo, que representa o chan. Malia representarse en parada, todo o conxunto parece transmitir un lixeiro desprazamento, xusto antes do momento de deterse o cabalo, o que apoia o seu realismo. Baixo a liña do exergo aparece representada unha lúa minguante. As letras do alfabeto grego que aparecen arrodeando o campo en minúscula e de esquerda a dereita son as seguintes⁸:

ρ σ ξ φ τ σ



Fig. 24. Moeda con letras en grego. Imitación indíxena de moeda grega.

8 Nun primeiro momento interpretamos a letra xi (ξ) como unha épsilon (ε), pero as imaxes baixo microscopio permitíronnos apreciar mellor a forma e algunhas corrosións no metal que nos levan a pensar que se trata da décimo cuarta letra do alfabeto grego (Ξ ξ).



Fig. 25. Anverso da moeda coa imaxe do nó infinito e posibles símbolos ou caracteres (parte inferior da imaxe).

A outra cara da moeda está totalmente ocupada pola representación dun nó infinito, onde destaca a diferenza de grosor entre as liñas, máis grosas, que lle dan forma a esta figura xeométrica e as finas liñas serpeantes usadas como recheo interior. En todo o perímetro desta cara da moeda as liñas parecen “saír” cara ao bordo dunha forma aleatoria, excepto na parte inferior, onde incluso semellan conformar, de novo, ata catro posibles caracteres, aínda que demasiado difusos como para acadar unha identificación clara.

O canto da moeda non presenta signos nin marcas apreciables.

Polo que se refire ás súas dimensións, o seu diámetro ou módulo é de 19 mm e na báscula de precisión acadou un peso de 5,2 gramos.



Fig. 26. Detalle da parte inferior da moeda, onde podemos apreciar catro posibles símbolos ou caracteres.

O estudo baixo microscopio electrónico permitiunos coñecer as posibles aliaxes e composición elemental desta moeda, que confirmaron as primeiras impresións, tras pesala, de que estabamos diante dunha moeda que tentaba imitar un estatero (στατήρ) de ouro.

A espectrometría indícanos que se trata dunha moeda en que o cobre (Cu), o níquel (Ni), algo de chumbo (Pb) e o ouro (Au) son os elementos principais, sendo este último usado como un baño ou revestimento. Non estamos seguros de poder falar dunha aliaxe propiamente dita, xa que o cuproníquel, xunto co ferro ou o propio chumbo, pode deberse á presenza destes elementos de forma natural e non a unha mestura voluntaria ou máis ou menos controlada. En calquera caso, esta composición fainos recordar as moedas de cuproníquel acuñadas en territorios baixo influencia helenística no reino grecobactriano (s. II a. C.) moi similares en composición ao chamado *paktong* chinés con que poderían ter entrado en contacto a través da ruta da seda. Desta parte do mundo, tan afastada do territorio galaico, tamén se supón que foi a orixe das primeiras representacións do nó infinito⁹ que aparece representado na moeda.

⁹ As primeiras representación coñecidas remóntanse *circa* 2500 a.C. nas civilizacións do val do Indo, de onde evolucionarían cara ao símbolo xeométrico budista (Beer, 2003).




Fig. 27. Exemplo dunha rexión de mostra onde níquel (Ni), cobre (Cu) e ouro (Au) presentan as porcentaxes máis altas entre os elementos que a compoñen¹⁰.



Fig. 28. Imaxe obtida no primeiro momento no que se observa a moeda, previo ao seu levantamento.

Por outra banda, as imaxes obtidas co microscopio electrónico permitiron confirmar a presenza de fíos e restos de tecidos mineralizados sobre a superficie da moeda, outorgándolle outro elemento máis para acadar unha pátina de gran valor arqueolóxico. Ademais

¹⁰ A presenza de zinc (Zn) tamén debería ser tida en conta á hora de analizar o excelente estado de conservación da moeda, xa que, igual que o ouro ou o níquel, favorecería a súa resistencia fronte á corrosión. En calquera caso, é difícil calcular a súa porcentaxe total dentro da masa da moeda, podendo ser que se trate dun elemento tamén naturalmente presente, xa fose na composición da propia moeda ou por contaminación do estrato do que foi recuperada. Obsérvase que nesta mostra non aparece representado o chumbo (Pb), que si acada porcentaxes representativas noutras zonas de mostraxe, especialmente na cara coa representación equestre.

destas fibras, identificadas como procedentes de animais, probablemente de la¹¹(figs. 28 e 29), puidemos observar outros detalles como as marcas de rozamento polo uso ou as ocasionadas pola súa fabricación e baño de ouro. A pesar de que a moeda se atopa nun estado de conservación excepcional, este estudo pormenorizado permitiui tamén ver con detalle pequenas faltas de material, como o descascado sobre a letra rho (ρ) ou a ausencia do pé do xinete.



Fig. 29. Detalle dalgúns restos de fibras localizados na moeda (a carón da pata traseira do cabalo).



Fig. 30. Imaxe ampliada (200x) das fibras.

¹¹ En consonancia cos resultados obtidos noutros estudos sobre restos de fibras de téxtiles asociadas a metais recuperados no castro de Viladonga (Pérez, 2023; Pérez 2020; Pérez, 2017).

Ademais destas marcas, conforman a pátina da moeda os óxidos e carbonatos de cobre e outro tipo de evidencias de antigüidade máis curiosas e cremos que incluso pouco documentadas en materiais arqueolóxicos metálicos como pode ser a biomineralización fúnxica. No caso desta moeda, este proceso protagonizado polas hifas de fungos puido documentarse tamén a través das imaxes obtidas baixo o microscopio electrónico. Nesta imaxe (fig.31) vemos como estas hifas colonizan a superficie da moeda, absorbendo parte dos elementos que a compoñen nun proceso no cal son capaces de formar biominerais, favorecendo a súa corrosión¹².




Fig. 31. Proceso de biomineralización fúnxica documentado na moeda. Obsérvase a importante colonia de hifas de fungos entre a pátina de óxidos e cloruros da moeda.

Outra información de interese, sobre todo ante a falta de paralelos documentados para esta singular moeda, pode acadarse grazas ao estudo iconográfico e filolóxico. Como xa comentamos anteriormente, nunha das caras mostra un nó infinito, ben proporcionado e de excelente factura. Esta imaxe tradicionalmente vinculada en occidente á cultura celta, aínda que creada no seo das culturas do val do Indo, pode dar algunhas pistas sobre a orixe da moeda. Desbotadas as comparacións ou posibles parecidos coas moedas recuperadas na Península Ibérica, tanto coas iberas como coas emiti-

¹² Os fungos son capaces de formar biominerais como oxalatos, carbonatos, óxidos, fosfatos e sulfuros, cun papel importante en ambientes extremos, acadando unha gran relevancia en ciclos bioxeoquímicos e, como neste caso, actuando como biodeterioradores do patrimonio cultural (Gadd, G. M., 2021).

das polas propias colonias gregas do mediterráneo, o seguinte paso na busca de posibles influencias hai que dalo cara ao norte. Neste punto, cabe lembrar que as imitacións de moeda grega son moi habituais entre as tribos galas a partir do século III a.C. e, sobre todo, durante o século II a.C., contabilizándose por miles os exemplares coñecidos. Neste punto, tamén cómpre ter en conta a súa propia evolución iconográfica. Así, na súa maioría, sobre todo nun primeiro momento, estas moedas imitan directamente as representacións que se observan nas moedas gregas, dunha forma máis ou menos fiel e realista. Son especialmente abundantes as copias das moedas emitidas por Filipo II de Macedonia¹³ (359-336 a.C.), a partir das cales as figuras ecuestres acadan unha nova dimensión, tanto no seu número como nas súas variantes. No caso da moeda dos pobos celtas, tanto dos galos como dos pobos celtas das illas británicas, a estas primeiras imaxes de época helenística comezan a engadírselles cara ao século II a.C. elementos dunha iconografía que podemos considerar propia (xabarís, serpes, dragóns, rodas estelares, estrelas...), e chegan a crear unha mestura de imaxes e simbolismos que acaban por deformarse de tal xeito que abandonan o realismo para pasaren a converterse en verdadeiras obras de arte abstracta, como sucede no caso das moedas acuñadas nas illas británicas arredor do século I a.C. (Wright, 2023). Estes cambios e achegas no estilo e iconografía das moedas obedecen á necesaria creación dun vínculo de identidade propio tanto por un desexo de afastamento dos orixinais gregos como pola necesidade de mostraren as súas propias fontes de lexitimidade e poder.

Sen pretender entrar en profundidade na orixe dos simbolismos e iconografía da moeda celta, con esta brevísima “explicación” da súa evolución entre os pobos da Europa máis occidental, queremos poñer sobre a mesa a posibilidade de que esta representación do nó infinito non sexa máis que outra variedade deses múltiples elementos culturais propios da cultura celta que, chegado o momento, pasan a formar parte do elenco iconográfico das moedas acuñadas por

esta disparidade de pobos¹⁴. Debido á ausencia de paralelos, nestes momentos da investigación parece difícil afondar na orixe desta moeda sen entrar noutras conxecturas sen base científica, polo que, de momento, algunhas das conclusións expostas deben ser tomadas como un punto de partida para futuros traballos de investigación. Porén, e cos datos na man, o achado desta moeda, xunto coa confirmación da súa antigüidade, da cal trataremos máis adiante, supón retraer a orixe e difusión entre os pobos celtas desta icona máis de cincocentos anos, xa que se supón que este tipo de representacións comezaron a espallarse pola Europa céltica coa difusión do cristianismo, xunto con outros símbolos similares.


Na outra cara da moeda, pode observarse un xinete espido a cabalo. Esta figura, sendo en si mesma tamén singular, xa que non atopamos paralelos idénticos entre os miles de moedas ata o de agora observadas, representa, porén, un exemplo máis das múltiples representacións ecuestres na moeda grega. Ademais das imaxes difundidas a través das cuñaxes emitidas desde a Grecia continental¹⁵, a outra gran fonte destas imaxes¹⁶ atopámola na colonia grega de Taras (Τάρας), onde existen exemplares que, polas características das súas liñas e o tipo de representación escollido para xinetes e cabalos, ben puideron servir de modelo para o deseño da moeda recuperada no castro de Viladonga, especialmente no caso dalgunhas cuñaxes feitas no primeiro terzo do século III a.C. onde son frecuentes as imaxes de xinetes espidos. Outro dos elementos comúns entre as moedas deste momento de Taras e o exemplar de Viladonga é o da representación dunha

liña de terra baixo as patas do cabalo, a modo de exergo. No caso do exemplar de Viladonga, baixo esta liña pode apreciarse o que parece ser a representación dunha lúa minguante.

En canto ao que nos poden dicir as letras do alfabeto grego presentes na moeda, cremos que o máis probable é que se trate da forma abreviada do nome do maxistrado ou dos oficiais responsables da súa cuñaxe. Outra opción, menos probable neste caso, é que se trate do nome dunha cidade ou poboación libre que tamén debería estar escrito de forma abreviada. Ao tratarse dunha falsificación —recordemos que é unha moeda que tenta pasar como estatero de ouro—, cabe incluso a posibilidade de que se trate de caracteres colocados de forma máis ou menos aleatoria, se pensamos que puido ser feito por alguén que podía descoñecer o seu significado exacto. Este último caso tamén o consideramos pouco probable, xa que, se o obxectivo era facer pasar unha moeda por auténtica, quizais non sexa o máis recomendable usar deseños tan pouco convencionais como o do nó infinito.

En calquera caso, e á falta de posteriores estudos filolóxicos ou algún outro achado que nos poida dar outras pistas sobre a orixe desta moeda, o máis probable é que nos encontremos diante dunha moeda de cuñaxe indíxena que imita os tipos e valores da moeda grega, copiando, dunha forma fraudulenta, un orixinal emitido por un pobo (ou maxistrado) ignoto.

As características especiais desta moeda, e as dúbidas que suscitaba, fixeron que tivésemos moi en conta a posibilidade de obter novas datacións desde o mesmo momento do seu achado. Para iso recolléronse restos de carbóns atopados entre o pallabarro que formaría parte da estrutura do *horreum* do mesmo sitio onde se recuperou a moeda. Os resultados obtidos das mostras da campaña do ano 2024 concordan plenamente, ou incluso atrasan, a cronoloxía outorgada á zona de almacenaxe en traballos anteriores —s. II a.C.— (Pérez e Torres, 2021). Estas datacións cabe recordar que, á súa vez, concordan coas cronoloxías baralladas liñas arriba en relación coa comparativa dos aspectos iconográficos, co que parece probado que debemos situar o momento de circulación desta moeda entre finais do século III a.C. e comezos do século II a.C.



4.3. Outros materiais: cerámicas, cravos, material de construción...

No caso dos fragmentos cerámicos recuperados, destacamos tamén a concordancia destes coa cronoloxía anteriormente outorgada á zona de almacenaxe prerromana. En concreto, foron ata 4 fragmentos pertencentes a olas, algunha de gran tamaño e feitas á man, en pastas de cor escura e aparencia groseira pola presenza de cuarzos. En canto aos acabados, poden observarse evidencias de envasoiado, liñas espatuladas, todas elas feitas mediante cocción redutora. Estamos, polo tanto, ante fragmentos de cerámica indíxena, atribuíble á II Idade de Ferro.

¹³ Copiaron especialmente as moedas de ouro de Filipo II e do seu fillo Alexandre, probablemente por seren froito do pagamento recibido polos seus servizos mercenarios nas guerras macedónicas.

¹⁴ Tanto por espazo neste artigo como pola ausencia de datos nun ou noutro sentido, cremos conveniente non entrar a valorar en profundidade o significado simbólico deste nó infinito, que, aínda cunha raíz ou orixe común, non tivo por que significar necesariamente o mesmo para unha cultura ou pobo do val do Indo que para alguén da Europa occidental.

¹⁵ Aquí cabe lembrar, ademais das cuñaxes de Filipo II, as emitidas polas distintas cidades gregas, entre as que destacamos algunhas de Tesalia, como as da antiga Farsala (Φάρσαλα).

¹⁶ Mencionamos estas emisións, en concreto, pola ampla difusión dos seus tipos e polo parecido iconográfico que apreciamos nalgúns detalles que puideron servir de inspiración para a creación do exemplar do castro de Viladonga, aínda que realmente a variedade e dispersión da moeda ecuestre grega acadan un espazo cronolóxico e xeográfico difícil de abarcar nestas liñas.



Fig. 32. Fragmentos de bordos de cerámica indíxena.

No caso da zona suxeito de escavación, a estrutura 1, os materiais recuperados obedecen a un contexto de derruba do teito da vivenda sobre o nivel de chan de arxila. Polos materiais recuperados en anteriores escavacións, esta edificación foi encadrada en época baixoimperial, polo que os escasos e pequenos restos de cerámica indíxena documentados é posible que chegaran mesturados coa arxila usada para a fabricación do chan ou mesmo que o remexido producido pola derruba do teito chegase a mesturalos con materiais máis modernos, como o pé de vaso de cerámica común romana (CCR) ou as fichas de xogo de lousa.



Fig. 33. Pé de vaso de CCR no momento do seu achado no interior da estrutura 1.



Fig. 34. Fragmento de pé de vaso de CCR recuperado no nivel de uso da estrutura 1.

En contraposición ao que adoita suceder nunha escavación arqueolóxica, onde o material cerámico adoita acadar a porcentaxe máis ampla de materiais recuperados, neste caso temos que destacar a considerable cantidade de metais recollidos, concretamente cravos de teitado.



Fig. 35. Fragmento de cravo de ferro usado para o teitado da estrutura 1.

Recolleuse tamén unha boa mostra de líticos, principalmente materiais de construción, que consideramos relevantes para caracterizar o tipo de edificacións que existían no castro en cada momento de ocupación. Neste punto, cabe destacar a importante cantidade de lousas de teitar, moitas delas aínda cos cravos de ferro incrustados.



Fig. 36. Lousa de teitado con cravo de ferro.

Outro tipo de líticos recuperados, esta vez destinados ao pasatempo, foron un par de exemplares de fichas de xogo feitas en lousa. Recordemos as numerosas fichas de xogo documentadas neste castro ao longo dos máis de 50 anos de escavacións, ás que hai que engadir un par de exemplares de taboleiros de xogo usados para practicar o xogo denominado *ludus latrunculorum*, literalmente, “o xogo dos ladróns”. Nesta ocasión foron localizadas sobre o chan de uso desta construción baixoimperial.



Fig. 37. Fichas de xogo feitas en lousa recuperadas no nivel de piso da estrutura 1.

5. Conclusións

Unha vez rematados os traballos, debemos incidir na idea de que tanto a limpeza e a corta de herbas como o novo sistema de consolidación de estruturas son imprescindibles para o mantemento e conservación do castro.

Por unha banda, os traballos de limpeza e corta de vexetación nun clima como o que temos aquí son esenciais para conservar estas estruturas milenarias. A fragilidade dos muros, moitas veces sobreexpostos, non permite nin tan sequera o abandono temporal destas funcións de limpeza.

En canto aos traballos de consolidación, despois de case vinte anos desde a última intervención, os danos na estrutura do *horreum* eran incluso maiores dos estimados. Tanto as lousas de protección como a tela asfáltica, que nun primeiro momento puideron facer o seu labor de protección, co paso do tempo convertéronse nun factor máis para engadir inestabilidade e provocar certo perigo de colapso dos muros. No caso da tea asfáltica, o problema puido ser aínda máis grave, pois quedou demostrado que acelerou o proceso de meteorización dunha lousa xa de por si feble.

En canto ás lousas de corte industrial, incidimos nos problemas que ocasionan para a interpretación das estruturas, así como os xa mencionados pola presenza de pequenos animais que as usan como acubillo, favorecendo a creación de buratos no interior dos muros e, polo tanto, creando zonas de debilidade estrutural.

Polo que respecta ao proceso de escavación levado a cabo durante esta campaña de 2024, malia a escasa entidade da intervención (tan só uns 3 m²), a meticulosidade con que se levou a cabo permitiu documentar o chan de uso romano e o proceso de derruba desta estancia do antecastro oeste.

En canto aos materiais recuperados, a pesar da brevidade da actuación e de traballar sobre todo nunha zona escavada, en parte, con anterioridade, temos que sinalar que foron especialmente significativos. Ademais dos numerosos restos de material de construción, destacamos a recuperación dun novo exemplar de estela funeraria con cazoletas, sendo ademais a de maior tamaño localizada ata o momento no castro. A situación da estela, reciclada no muro dunha construción de época baixoimperial, corrobora, cando menos en parte, as teses propostas nos últimos estudos, que inciden no abandono das prácticas de enterramentos domésticos coa implantación da cultura romana e a reciclaxe deste tipo de elementos culturais como material de construción.

Outros obxectos, como as fichas de xogo ou a CCR, dannos importante información sobre a vida e os costumes dos habitantes do castro. No caso das fichas, debemos recordar a estreita relación entre a presenza militar¹⁷ e os xogos de estratexia como o *ludus latrunculorum*, do que estas fichas poderían formar parte.

Mención á parte merece a moeda recuperada durante o proceso de limpeza do *horreum*. Esta moeda bañada en ouro e con caracteres en grego parece tratarse dunha copia falsificada en época dun orixinal indíxena que imita os tipos da moeda grega. Este tipo de imitacións comezan a circular a partir das guerras macedónicas, momento en que numerosos pobos celtas entran en contacto, ás veces como mercenarios, co mundo grego. O número de moedas, variedade e distribución

acadaría pronto cifras moi elevadas debido á crecente necesidade de cada poboación ou cidade libre de establecer a súa propia moeda e un simbolismo que os representase.

Unha particularidade desta moeda é a presenza no anverso dunha imaxe pouco habitual, un nó infinito, que se pode atopar de forma profusa na arte e decoración celta, aínda que se prodiga séculos despois do momento en que cremos que puido ser acuñada. O feito da súa presenza nun momento tan temperá debería servir para poñer en dúbida a tardía implantación deste tipo de simbolismos entre os pobos celtas, suxerindo a posibilidade de que pasase a formar parte do seu ámbito cultural e iconográfico varios séculos antes do que se pensaba.

No reverso, porén, presenta unha imaxe que podemos clasificar como habitual, xa que se trata dun cabalo cun xinete espido que, aínda que nun principio pensabamos que podería portar unha folla de palma na man —imaxe moi similar aos reversos acuñados na colonia grega de Tarento (Τάρρας)—, unha vez revisadas as imaxes baixo microscopio electrónico cremos máis probable que se trate dun xinete espido que se cobre tan só cunha clámide¹⁸. Polo que respecta ás grafías, futuros estudos lingüísticos quizais poidan aclararnos a súa procedencia e significado. En calquera caso, tanto a iconografía como o contexto arqueolóxico en que aparece (con varias datacións por radiocarbono que o sitúan arredor do século II a.C.) parecen validar a hipótese de que estaríamos falando do exemplar numismático máis antigo recuperado no noroeste peninsular.

Para concluír, queremos incidir en que estes achados, de novo, poñen de manifesto a importancia da ocupación prerromana do castro de Viladonga. Esta idea, xa exposta anteriormente a partir doutras intervencións e traballos de investigación —en que tivemos a posibilidade de colaborar—, parece coller cada vez máis importancia, tendo en conta tanto a extensión espacial e temporal destes niveis de ocupación como a posibilidade de que tamén participasen de afastados encontros (comerciais, mercenarios...) con pobos ou tribos en contacto co mundo grego.

18 Outra posibilidade, aínda menos probable, como sinalamos anteriormente, é que podería tratarse dun xinete alado. Neste caso, deberíamos identificalo como unha alegoría mitolóxica (un deus, un heroe ou mesmo unha rara representación da Vitoria).

17 A presenza militar no castro de Viladonga queda testemuñada a través de materiais de indubidable carácter castrense (Pérez, 2023).

Agradecementos

Queremos agradecer o gran traballo realizado polo equipo de escavación desta campaña, coa restauradora Iria López Baltar á cabeza e os axudantes de restauración e arqueoloxía Gerardo Baltar, Mónica Legaspi e Macarena Teijido. Consideramos tamén parte do equipo todas as rapazas e rapaces que conformaron o campo de voluntariado, así como o persoal e dirección de Ribeirán.

As imaxes baixo microscopio electrónico foron posibles grazas ao bo facer dos doutores Eugenio Luis Solla Agra e Ada Castro Couceiro, aos que agradecemos a súa dispoñibilidade e valiosos comentarios.

Agradecemos tamén a colaboración e financiamento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e a da Dirección Xeral de Xuventude, ambas dependentes da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Bibliografía

Álvarez González e López González, L. F. (2018). “Campaña de intervención no Castro de Viladonga”, *Croa*, n.º 28, 2018, pp. 14-27.

Arias Vilas, F. (1990). *Museo del Castro de Viladonga. Castro de Rei-Lugo*, Madrid. Ministerio de Cultura.

Arias Vilas, F. (2005). “Escavación, limpeza e consolidación no Castro de Viladonga. Campaña 2003”, *Minius*, XIII, pp. 125-142.

Beer, R. (2003). *The handbook of Tibetan Buddhist Symbols, Shambhala Publications*, Boston.

Caballero Zoreda, L. (1987). *El método arqueológico en la comprensión del edificio. (Sustrato y estructura)*, en Curso Mecánica y tecnología de los edificios antiguos, Colegio Oficial de Arquitectos de Madrid, pp. 13-58.

Díaz Fernández, M. (2016). “Acondicionamento e consolidación arqueolóxica no castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)”, 2015, *Croa*, n.º 26, pp. 34-39.

Gadd, G. M. (2021). *Fungal biomineralization, Current Biology* 31, pp. R1549-R1567. Consultado en rede o

20/05/2024: <https://doi.org/10.1016/j.cub.2021.10.041>

Head, V. B. (1887). *Historia Numorum. A manual of Greek numismatics*, Oxford. Consultado en liña o 11/10/2024:

https://archive.org/details/Head_HN_1911/page/n821/mode/2up?view=theater

Hervés Raigoso, F. (2019). “Estelas antropomorfas de Lugo”, *Croa*, n.º 29, pp. 50-71.

López González, L. F. e Álvarez González, Y. (1996) (inédita). *Memoria da intervención arqueolóxica no Castro de Viladonga*, Castro de Rei, Lugo, 1996.

López González, L. F., López Marcos, M. A., López González P., Álvarez González, Y. (2017). “Campaña de intervención no Castro de Viladonga”, 2016, *Croa*, n.º 27, pp. 16-31.

López Marcos, M. A. (2011). “Criterios de conservación en la exhibición de yacimientos arqueológicos”. *Actas de las Octavas Jornadas de Patrimonio de la Comunidad de Madrid*. Consejería de Cultura y Deportes. Madrid.

López Marcos, M. A., López González, L.F., Álvarez González, Y. (2005). *La recuperación de un yacimiento: El castro de Chano (Peranzanes, León). Puesta en valor del patrimonio arqueológico en Castilla y León*. Junta de Castilla y León, Salamanca, 2005, pp. 115-124.

López Marcos, M. A., Álvarez González, Y., López González, L. F. (2019). “Campaña de escavación e restauración no Castro de Viladonga do ano 2018”, *Croa*, n.º 29, pp.8-25.

Pérez Rozas, A. e Torres Iglesias, D. (2021). “Os niveis ‘prerromanos’ do castro de Viladonga. Unha aproximación ao seu estudo”, *Croa*, n.º 31, pp. 28-39.

Pérez Rozas, A. (2024). “Estelas con cazoletas: Unha forma para o culto funerario desde o Megalitismo á Idade do Ferro no NW peninsular”, *Croa*, n.º 34, pp. 18-60.

Pérez Rozas, A. (2017). “A produción téxtil na cultura castrexa: As fusaíolas do Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)”, *Croa*, n.º 27, pp. 32-51.

Sala Bartrolí, R., Rodríguez Simón, P. (2024). “Prospección geofísica para la descripción y delimitación de elementos arqueológicos en el Castro de Viladonga”, *Croa*, n.º 34, pp. 8-17.

Sear. D. R. (1978). *Greek coins and their values*, volume I: Europe, Spink, London. Consultado en rede o 20/11/2024:

<https://es.scribd.com/document/549330990/David-Sear-Greek-Coins-and-Their-Values-Volume-I-Europe-1978>

Sear. D. R. (1979). *Greek coins and their values*, volume II: Asia and North Africa. Spink, London. Consultado en rede o 23/11/2024:

https://ia601204.us.archive.org/7/items/in.ernet.dli.2015.108341/2015.108341.Greek-Coins-And-Their-Values-Vol2_text.pdf

VV. AA. (1978). *Mapa geológico de España. Castroverde*. Segunda Serie. Primera Edición. Servicio de Publicaciones. Ministerio de Industria. Madrid.

Wright, T. (2023). *British Celtic Coins. Art or imitation? An introduction to the coins of pre-Roman Britain*, Spink, London.